Voces do alén

XULIO VALCÁRCEL
xuliolv@gmail.com



Resulta unha experiencia turbadora escoitar as voces dos mortos, dos seres queridos que nos deixaron

"Sentí... tu voz de niña en mi oído/ como una campana nueva/ como una campana virgen/ en un alba de primavera", escribe Antonio Machado, recordando a Leonor, falecida aos dezanove anos. A voz é unha das formas máis definitorias da idèntidade. Sen verlle o rostro, recoñecemos as persoas. Hai voces graves e agudas; rotundas e tatexantes, voces que acarian e voces que feren. Mudamos físicamente, engordamos, adelgazamos, envellecemos..., pero a voz permanece esencialmente idéntica: o rastro sonoro da nosa personalidade.

Está a voz que tivemos de nenos, aguda e limpa, conservada ás veces nalgunha vella gravación familiar, e a voz adulta que se foi facendo con gozos, tristezas, éxitos e fracasos. Escoitarnos produce unha sensación estraña: somos e non somos nós, pois a voz contén rexistros que recollen as sucesivas mutacións que sufrimos ao longo da nosa existencia.

Durante un tempo recibín mensaxes gravados de miña nai, na confesada intención de que puidésemos oír a súa voz cando ela falte. Azuzada polo furón da saudade, a nosa amiga Áurea chamaba algunha que outra vez, desde a Coruña, ao seu ex marido, pai dos seus tres fillos, que ficara no Perú. Non quería falar con el, abondáballe con escoitarlle: "Si, diga!", para recuperar, por uns segundos, naquelas palabras pronunciadas por el a miles de quilómetros, a súa presenza, o tempo compartido, o ilusionado proxecto en común que se esfarelara.

Hai, xa o apuntei ao principio, algo máis inquietante: a voz dos mortos. As fotografías antigas aceptámolas con naturalidade: pertencen ao pasado, ao reino da memoria no que as figuras permanecen inmóbiles, sometidas á súa condición de ausentes. Pola contra, a voz revélase cunha conmovedora vixencia: unha gravación devolve tono, timbre, respiración, carácter. O defunto comenta, pregunta, chámanos polo noso nome..., provocándonos unha íntima alarma. Sabemos que está morto, pero escoitamos a súa voz viva!

As novas tecnoloxías permitirán levar esa ilusión moito máis lonxe. Mediante hologrfías e imaxes de última xeración, poderemos ver unha persoa falecida camiñando, xesticulando, sorrindo e falando diante de nós. Será unha presenza incomparablemente máis intensa, e tamén máis perigosa emocionalmente, que as de hai só uns anos. A memoria precisa recordar pero tamén aceptar a ausencia, de maneira que a pregunta xorde inevitable: é bo conceder aos mortos unha aparencia de vida?

Mensaxe

Gardamos algunhas voces como gardamos cartas, obxectos, fotografías, porque a voz ten algo que ningún retrato consegue preservar: o instante dunha vida acontecendo. Os mortos das fotografías mírannos desde o pasado, aos mortos que falan escoitámolos desde un agora actual e presente.

Nunha ocasión chamei por error ao teléfono dun amigo que falecera había uns días e batín coa súa voz no contestador. "Deixe a súa mensaxe...". A razón indicábame que era unha gravación, pero algo dentro de min vacilou. Que mensaxe deixarlle a quen xa non podía escoitala? Que dicirlle desde esta beira? Certamente, máis impactante sería aínda recibir unha resposta súa desde o alén!



Ilustración de Gosia Trebacz